

Moito traballo no entroido.

Os disfraces foron elaborados polos nenos e nenas.

As semanas anteriores o entroido foron de moito traballo. Cortar, pegar, pintar, atar... Cada neno e cada nena elaborou o seu disfraz, aínda

Por último, os maiores ían de lápices. Levaban unha punta longa, longa, case non cabían polas portas. Os seus disfraces foron complicados porque os



O segundo ciclo ó completo.

que os profesores e as profesoras axudaron nas partes máis difíciles de facer.

Os pequeniños e as pequeniñas foron de pinturas de cores. Cada un da súa cor. A eles foi a quen máis houbo que axudar, porque había que facer algunhas cousas que eles non poden.

Os do primeiro ciclo ían de pegamentos. Azul e vermello. Co seu caperuzo e todo. Por sorte non pegaban moito.

No segundo ciclo eran rotuladores permanentes. A verdade é que estaban moi logrados, porque sabiamos que eran eles, que se non daríanos gañas de poñernos a pintar.

sombreiros tiveron que ser feitos a medida.



Os lápices do terceiro ciclo.



A merenda. Como lles gusta!

Unha vez que os disfraces estiveron feitos saímos de desfile polas rúas de Lobios. Algúns profesores levaban instrumentos musicais e íamos todos bailando. Quedou todo moi bonito.

Xa pola tarde, preparamos unha merenda con chocolate e pasteis que mandaron algunhas familias. Estaban todos riquísimos. E o chocolate tamén.

Me parece que todos estarían de acordo en que tódolos días no colexio fosen así.